



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



## **C.E.P. SABARÍS**

Tlfno:886 110143/44 Fax:886 110145

e-mail: [cep.sabaris@edu.xunta.es](mailto:cep.sabaris@edu.xunta.es)

<http://www.edu.xunta.es/centros/cepsabaris>

Avda. Dr. Fariña 26,36393 Sabarís (Baiona)  
Pontevedra

### **Participación no fondo solidario de libros de texto e axudas para adquirir libros de texto e material escolar.**

**Prazo de presentación :** Ata o 19 de xuño de 2020.

**Fondo solidario:** Alumnado de 3, 4º, 5º e 6º. Tense dereito ao fondo se non rebase os 10.000 € per cápita.

**IMPORTANTE:** A asignación de libros dispoñibles no fondo solidario (3º, 4º, 5º e 6º) do centro efectuarase ao alumnado que participe nel, por orde inversa á renda per cápita da unidade familiar, ata que se **esgoten as existencias**. Recomendamos que aínda que vostedes **superen** a renda per cápita especificada, **soliciten** igual a axuda para seren incluídos no reparto dos libros sobrantes (No caso contrario entenderemos que vostede non está interesado en recibir libros do fondo).

**Axudas adquisición libros:** 1º e 2º. (140€ ou 210 € segundo a renda. Tense dereito á axuda se non pasa dos 10.000 € per cápita).

**Axudas material escolar:** Todos os cursos. (50 € só se a renda é igual ou inferior a 6000 € per cápita).

**Solicitudes:** Poderán presentarse:

- Preferentemente por vía electrónica, empregando a aplicación informática <https://edu.xunta.es/fondolibros>. Unha vez cuberta a solicitude para a súa presentación só necesita rexistrarse no sistema "Chave 365" <https://sede.xunta.gal/chave365> (válido para calquera trámite que teña que facer coa administración).
- Opcionalmente poderanse presentar no centro, levando o impreso da solicitude debidamente cumprimentado (Anexo I e Anexo II) no ordenador ou manualmente, e acompañado da fotocopia do libro de familia. **Só se cubrira unha solicitude por familia.**

#### **Documentación necesaria**

- Fotocopia do libro de familia.
- En caso de separación ou divorcio, fotocopia da sentenza xudicial e/ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/a menor.

**Renda per cápita:** É o resultado de dividir a renda da unidade familiar do exercicio 2018\* entre o número de membros computables.\*(Se vostede presentou declaración ese ano, sumaranse o recadro 435 e o 460).